

■ BLUES DA FRONTEIRA ■

Mestiza que algo queda

RAMON CARIDE OGANDO

El Norte está lleno de frío/ y siempre llueve los domingos/ la policía está en peligro/ y siempre hay detenidos, cantaban os ilegales hai dez anos, e ésta é a imaxe que impera aínda de Euskadi. De camiño para aló, deixamos este Fisterre comesto da choiva míuda e morriñenta, vía Madrid, con destino a Vitoria. Aviaco tenta emular a Renfe e a fé que o consigue. Dúas horas de retraso perdidos nesa terra de ningures que é Barajas, deixandonos esgotados e cun persistente zumbido no oído interno, no hotel, mergullados nesa peculiar babel idiomático- política vital que é Galeuzka. Galegos, bascos, cataláns e asturianos para falar catro días das vellas teimas: a normalización dos idiomas anormalizados pola anormalidade normalizada.


No segundo avión o ABC, xornal agasallado polas «aeromozas» -marabillosa palabra que tomo emprestada dalgunha dobraxe arxentina- móstranos toda a forza e a pureza viva da España inmortal: o paleolítico campmany bate a tralla nas costas dos corruptos sociatas, mingote expón óleos e Luisa

Castro - «nuestra chica en la Corte»- demostra á fin que é todo un home coas súas declaracións: «*es casi fascista presumir de nacionalidad para justificar la creación*». Ajoblanco celebra os seus vinte anos cunha cea, convidados: Luis María Ansón, García Trevijano, Raúl del Pozo, entre outros. ¿mestizaxe finisecular ou ansia de seguir chupando -non importa-de-que-teta?. De maior quero casarme como deus manda e que a nova da miña voda saia na páxina 75 do ABC, *Boda de doña Ana de España y Pascual de Quinto con don Javier Hernández-Rubio Muñoyerro*. Maxínade o resto.

Pervivencia dos arquetipos que se constata nas conversas e nos debates, tamén dos nosos. Para os non galegos o noso espacio narrativo natural son as lendas bretemosas e máxicas de meigas, trasgos e defuntiños. Cunqueiro é o autor galego citado case en exclusiva. Para non decepcionalos, Bernardino Graña oficia de druída céltico-enxebre nunha taberna do casco vello e recita esconxuros diante do lume azul dun-

ha pota de queimada. O seu número é o máis aplaudido da xornada.

Un sol de clima continental alumea garimoso as arces do Parque da Florida. Entre a autocríticas e o triunfalismo, entre a dos outros e a ocultación, succédense as interminabeis leituras de ponencias. Grandes cefaleas e ocasionais destellos de lume, entre a provocación e o cinismo: «*el intrínquilis consiste en darse cuenta de lo idiota que es añadir más ruido al mundo y aún así impertérritamente no callar; narrar -enrollarse- como buenamente cada cual pueda*». Denúnciase a mestizaxe -tema do encontro e penúltima etiqueta promocional- como unha nova falacia do colonialismo, malgré tout.



Sempre se volve con tristeza e con ledicia

MONCHO FUENTES

O ecuador do tinglado

No Ecuador do tinglado, Arantzazu, a meca basca, acóllenos como un claustro materno. Estética pétrea, dura, maciza, áspera, de resistencia e de loita. De retorno en Gasteiz, ás tantas da mañá, os vellos bares de chiquiteo, reconvertidos en pubs, mostran a mesma estética das covas da montaña. Pedra hermética por fora, calor humano e humidade tépeda por dentro; teñén algo de

refuxios antiaéreos. O abertzalismo, paradoxicamente receptivo por efecto das copas e do cansanzo, mostra o seu lado amábel entre a agresividade sonora do rock radical e as paredes cubertas de grafittis e carteis que proclaman a insubmisión e a resistencia. Voltamos ao Salnés, a Cea, a Ourense coa visión de Euskadi mudada, coa tristeza e a ledicia de tódolos retornos.

JOENFEES.I.

Construcciones

Avenida Julio Rodríguez Soto, 90 (Entresuelo)
Teléfono (988) 27 12 85